



## Concello de Pontecesures

### EXPEDIENTE Nº 1032/2022

#### **Asunto: ACTA DE CONSTITUCIÓN, DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO, PARA A CONSTITUCIÓN DE UNHA BOLSA DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVOS/AS PARA O CONCELLO DE PONTECESURES.**

En data 13 de decembro de 2023 e sendo as 10:00 horas, reúnese de maneira telemática, o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a constitución de unha bolsa de traballo de administrativos/as para o Concello de Pontecesures, baixo a presidencia de dona M.<sup>a</sup> Ángeles García Villaverde, Secretaria-Interventora do Concello de Pontecesures, e coa asistencia dos vogais: Dona Rocío de Sinde Penas, Técnica de Xestión do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra; Dona María del Carmen Baloira Duro, Xefa da Sección de Xestión Cultural da Deputación, Dona Raquel Carracedo Picáns, Administrativa do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra, actuando como secretario, Don José Marcelino Rivera Rarís, interventor accidental do Concello de Padrón **quen dá fe do acto.**

**CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL.-** Examinadas as bases e a convocatoria e vista a Resolución da Alcaldesa de Pontecesures 2023-0975 de data 4 de decembro de 2023, declarando a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e determinando as datas para a constitución do Tribunal e inicio dos exercicios, a presidenta declara validamente constituído o Tribunal.

**CONFECCIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO:** Procede a determinarse o reparto da confección do exercicio tipo test, determinando que cada membro do tribunal achegue 10 preguntas con catro posibles respostas das cales só unha é a correcta, das cales se seleccionarán 40 para a confección do exercicio e 5 preguntas de reserva.

**FINALIZACIÓN DA SESIÓN:** Ás 10:25 horas o presidente da por rematada a sesión de constitución do tribunal, convocando ao Tribunal para a próxima reunión o día 14 de decembro de 2023, ás 18:30 horas no colexio "CPI de Pontecesures", sito na R/ Avelino Pousa Antelo de Pontecesures para a montaxe da primeira proba, tipo test, que se realizará o día 14 de decembro de 2023 ás 18:30 horas, todo do que eu secretario dou fe.

E non sendo outro o motivo desta sesión pola Presidencia dáse por finalizada ás 10:30 horas.